



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

FORMAS DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE CONCURSO PARA DUNHA PRAZA ESTRUTURAL VACANTE COA DENOMINACIÓN “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”.

Prazo para a presentación de solicitudes:

Vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación da Resolución de convocatoria no Boletín Oficial do Estado (**Prazo aberto ata o 5 de xuño de 2023**).

Presentación da documentación

As persoas interesadas que reúnan os requisitos esixidos nas bases e desexen presentar a súa solicitude de participación no devandito proceso, poderán facelo presentando o modelo de instancia que figura nas bases da convocatoria (modelo anexo I) dirixido ao Sr. Presidente da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, de calquera das seguintes formas:

- Presencialmente, no Rexistro Xeral da Mancomunidade de Vigo, sito na Avda Hispanidade 17 de Vigo (Pontevedra) en horario de 9.00 a 15.00 horas, de luns a venres.
- Telematicamente, a través do envío en prazo da instancia de solicitude, xunto coa documentación baremable ordenada e identificada, ao correo electrónico da Mancomunidade de Vigo: info@maiv.org. Neste caso, a persoa solicitante recibirá confirmación da presentación da súa solicitude e copia rexistrada da mesma no Rexistro Xeral da Mancomunidade, mediante o envío dun correo electrónico ao mesmo enderezo de mail que usou o/a solicitante para a remisión da documentación (Este procedemento estará habilitado mentres non funcione a opción de solicitude a través de rexistro electrónico da Mancomunidade, que se está poñendo en marcha).
- En calquera das formas establecidas no art. 16.4, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas pola persoa funcionaria de Correos antes de seren certificadas.

Para a resolución de calquera dúbida sobre este procedemento, as persoas interesadas poderán poñerse en contacto coa Mancomunidade de Vigo, a través do teléfono 986423366.